

ACTA NÚMERO: 26/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 1 DE AGOSTO DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 1 de agosto de 2024 reúnen-se os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Don Manuel Carramal Silva, Xefe Sección Informes Secretaría.
- Don Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- Dona Fátima Pereira Monteagudo, Técnica de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Antonio Torrón Casal, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 26 de xullo de 2024 (Reunión 25/2024).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa CORPORACION SI RADIO SL , no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación dos servizos de publicidade en "Si Radio" para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024. (Expte.- 2024029308).*
3. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica de apoio a implementación e execución das actividades do proxecto europeo de conservación da biodiversidade en habitats costeiros galaicos portugueses para promover e lograr un desenvolvemento equilibrado das economías locais (0141 biocosteiro 1-e) financiado nun 75% con fondos FEDER a través da 3ª convocatoria do programa de cooperación INTERREG VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027". (Expte.- 2024016156).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes a documentación administrativa e ofertas avaliábeis mediante criterios automáticos, do procedemento patrimonial convocado para o alleamento, mediante poxa pública, da uva albariña e resto de variedades brancas da Finca de Soutomaior do ano 2024. (Expte.- 2024047827).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.



1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 26 de xullo de 2024 (Reunión 25/2024).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 26 de xullo de 2024 (Reunión 25/2024).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa CORPORACION SI RADIO SL , no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación dos servizos de publicidade en “Si Radio” para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024. (Expte.- 2024029308).

Por Resolución Presidencial RP2024005766, de data 10/07/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da contratación dos servizos de publicidade en Si Radio pertencente á empresa Corporación Si Radio, S.L., cun valor máximo estimado de 20.000,09 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar a empresa CORPORACIÓN SI RADIO, S.L. (B70697800), a presentar proposición, no caso de estar interesado, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que se produce o 15/07/2024.

A empresa CORPORACIÓN SI RADIO, S.L. (B70697800), presentou a correspondente proposición o 29/07/2024, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	16.529,00 €
IVE (21 %)	3.471,09 €
Importe ofertado con IVE	20.000,09 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa CORPORACIÓN SI RADIO, S.L. (B70697800), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación dos servizos de publicidade en Si Radio pertencente á empresa Corporación Si Radio, S.L.

3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica de apoio a implementación e execución das actividades do proxecto europeo de conservación da biodiversidade en habitats costeiros galaicos portugueses para promover e lograr un desenvolvemento equilibrado das economías locais (0141 biocosteiro 1-e) financiado nun 75% con fondos FEDER a traves da 3ª



convocatoria do programa de cooperación INTERREG VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027". (Expte.- 2024016156).

A Mesa de Contratación, na reunión de data 26/07/2024, procedeu á apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica de apoio a implementación e execución das actividades do proxecto europeo de conservación da biodiversidade en habitats costeiros galaicos portugueses para promover e lograr un desenvolvemento equilibrado das economías locais (0141 Biocosteiro 1-E) financiado nun 75% con fondos FEDER a través da 3ª convocatoria do programa de cooperación Interreg VI A España-Portugal (Poctep) 2021-2027, sendo a única licitadora presentada e admitida a empresaria -Elena Vázquez Portela (CIF-76.931.855 Y).

Na mesma sesión a mesa procedeu a apertura do sobre B correspondente aos criterios avaliados automaticamente informando o secretario da mesa que os valores que constan no certificado da mesa con CSV (P6U0LR984DRZNAX9) son os indicados pola empresa no anexo I. Non obstante, de conformidade co previsto no prego de cláusulas económico-administrativas no caso de ofertar os criterios relativos a formación a maiores, a experiencia adicional e o dominio das linguas inglesa e portuguesa a empresa deberá achegar a documentación acreditativa da realización dos mestrados ou postgrados relacionados co ámbito do medio ambiente, a documentación acreditativa da experiencia adicional no campo da xestión, seguimento e xustificación de proxectos financiados pola Unión Europea así como as titulacións que acrediten o dominio das mencionadas linguas polo que a Mesa de Contratación acorda solicitar ao Servizo de medio ambiente a comprobación da documentación xustificativa achegada pola empresa e que informe se se cumpren os requisitos esixidos nos pregos para a valoración dos criterios ofertados.

As puntuacións obtidas correspondentes aos criterios avaliados automaticamente de conformidade cos informes emitidos pola Xefa do Servizo de Medio ambiente e polo Técnico adxunto do Servizo de contratación con CSV(CYKC0XT4SX7JYPBL) e CSV (EMPYOKHI2XJEF9BO) respectivamente son as seguintes:

Empresa: Elena Vázquez Portela (CIF-76.931.855 Y).	
Resultado da valoración do sobre B, de documentación avaliada mediante fórmulas (criterios automáticos):	
Criterios	Puntuación total
1.- Prezo ofertado (max 48 pts)	35,503
2.- Formación a maiores do persoal proposto para a execución do contrato (max 16 pts)	8,00
3.- Experiencia adicional Experiencia adicional acreditada no campo da xestión, seguimento e xustificación de proxectos financiados por fondos	16,00



européos no ámbito do medio ambiente do equipo de traballo proposto a maiores do mínimo esixido (Max 16 pts)	
4.- Dominio da lingua portuguesa do persoal proposto (Máx 10 pts)	0,00
Dominio da lingua inglesa do persoal proposto (Máx 10 pts)	0,00
	59,503

A Mesa acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto simplificado que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	Elena Vázquez Portela (CIF-76.931.855 Y)	59,503	59,503

- 2) Propor ao órgano de contratación, nesta caso a deputada delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado á empresa Elena Vázquez Portela (CIF-76.931.855 Y) de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polo prezo ofertado. A Mesa de Contratación comproba que a empresa Elena Vázquez Portela (CIF-76.931.855 Y) figura inscrita no Rexistro de contratistas da Xunta de Galicia con número de inscrición 7195 estando debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.
 - 3) Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa Elena Vázquez Portela (CIF-76.931.855 Y) mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles contando dende o seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos entre o que se atopa a constitución dunha garantía definitiva por importe de 2.880,00 euros.
 - 4) Que de no cumprirse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta e, procederese nese caso, a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.
- 4. Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes a documentación administrativa e ofertas avaliábeis mediante criterios automáticos, do procedemento patrimonial convocado para o alleamento, mediante poxa pública, da uva albariña e resto de variedades brancas da Finca de Soutomaior do ano 2024. (Expte.- 2024047827).**



O Secretario suplente informa que por Resolución Presidencial nº 2024006022 de data 22/07/2024 aprobouse o expediente de contratación patrimonial para o alleamento, mediante poxa pública, da uva albariña e resto de variedades brancas da Finca de Soutomaior do ano 2024.

Con data 22/07/2024, publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, a resolución de aprobación do expediente e o prego de cláusulas económico-administrativas deste procedemento.

O Secretario suplente comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario suplente da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondentes coa documentación administrativa e coas ofertas valorables mediante criterios automáticos, presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación do sobre únicos, as empresas que presentaron oferta foron as seguintes:

- QUINTA DAS EIRAS, S.L. (B27417112)

Os valores ofertados por esta única empresa foron os seguintes:

1. Prezo unitario ofertado para a uva albariña:

Importe sen IVE	1,41 €/kg
IVA (4%)	0,06 €/kg
Importe IVE engadido	1,47 €/kg

2. Prezo unitario ofertado para o resto de variedades brancas:



Importe sen IVE	1,01 €/kg
IVA (4%)	0,04 €/kg
Importe IVE engadido	1,05 €/kg

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade cas fórmulas establecidas nos pregos, a puntuación obtida pola empresa é a seguinte:

	QUINTA DAS EIRAS, S.L. (B27417112)
Prezo unitario ofertado para a uva albariña	80,000 puntos
Prezo unitario ofertado para o resto de variedades brancas	0,000 puntos
PUNTUACIÓN TOTAL	80,000 puntos

En base ó anterior, a Mesa de Contratación acorda:

- Admitir ás seguintes empresas no procedemento:
 - QUINTA DAS EIRAS, S.L. (B27417112)
- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas no procedemento, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	QUINTA DAS EIRAS, S.L. (B27417112)	80 puntos

- Propor ó órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa QUINTA DAS EIRAS, S.L. (B27417112), que alcanzou a maior puntuación: 80 puntos.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adxudicataria non está incurso en ningunha prohibición de contratar. A maiores, compróbase a través do sistema de intermediación de datos, que se atopa ó corrente de pagos coa Seguridade Social e coa AEAT, e de alta no imposto de actividades económicas. Constan no expediente a constitución da garantía provisional e o seguro de RC requiridos.



4. Facultar ó Secretario suplente da Mesa de Contratación para que proceda a requirirle á empresa proposta como adxudicataria mediante comunicación electrónica, para que no prazo de **7 días hábiles**, contados dende o día seguinte ó que reciba a notificación, presente o resto de documentación esixida, a través dunha Instancia Xenérica na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/>), de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:

- **Capacidade de obrar:**

A capacidade de obrar das empresarias e empresarios que fosen persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible segundo a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

Cando se trate de persoas empresarias non españolas que sexan nacionais de estados membros da Unión Europea ou de estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditarase mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP), en función dos diferentes contratos.

As demais empresarias e empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar, previa acreditación por parte da empresa, que figuran inscritas no rexistro local profesional comercial ou análogo, ou na súa falta, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente de España ou da Secretaría xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía e Facenda sobre a condición de estado asinante do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, nos casos previstos no Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Se é persoa física, o documento que acredite a súa personalidade (documento nacional de identidade para persoas españolas; pasaporte, autorización de residencia e permiso de traballo, no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiras).

Se o asinante da proposición actúa en calidade de representante da ou do licitador, deberá achegarse o documento que acredite a personalidade deste representante (DNI para españois; pasaporte, autorización de residencia e permiso de traballo no



seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros) e, ademais, poder bastanteado en dereito ao seu favor, debidamente inscrito no rexistro oficial correspondente que habilite para concorrer á formalización de contratos coas administracións públicas.

No caso de concorreren á licitación varias empresas constituíndo unha unión temporal cada unha delas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e as circunstancias das e dos empresarios que subscriben as proposicións, a participación de cada unha delas designando a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, desempeñará a representación da unión temporal ante a Administración.

- **Poder debidamente bastanteado:**

Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro ou representen a unha persoa xurídica deberán presentar tamén unha escritura de poder debidamente bastanteado por unha ou un fedatario público.

- **Compromiso de medios:**

Compromiso da ou do licitador de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes, entre os que se atoparán, como mínimo, os especificados nos pregos.

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que a persoa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirle o importe do 3 % do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e a recadarlle a mesma documentación á ou ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e oito minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

